

ANEXO II
Modelo de solicitude

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vínculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

SOLICITO

Posto	Centro
-------	--------

División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos directivos vacantes no Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións

provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderanse declarar desertos os cargos directivos ofertados.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión das prazas ofertadas será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera Administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para o posto relacionado no anexo I. No resto de supostos, a vinculación formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñerse recurso, contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2009.

M^a José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Denominación do posto: director/a xerente.
Titulación requirida: licenciado/a universitario/a ou título equivalente.

Centro directivo: Hospital Virxe da Xunqueira.
Localidade: Cee.

Denominación do posto: director/a de xestión.
Titulación requirida: licenciado/a universitario/a ou título equivalente.

Centro directivo: Hospital Virxe da Xunqueira.
Localidade: Cee.

Denominación do posto: director/a médico/a.
Titulación requirida: licenciado/a sanitario/a.
Centro directivo: Hospital Virxe da Xunqueira.
Localidade: Cee.

Denominación do posto: director/a de enfermaría.
Titulación requirida: diplomado/a sanitario/a.
Centro directivo: Hospital Virxe da Xunqueira.
Localidade: Cee.

ANEXO II Modelo de solicitude

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

NO CASO DE PRESTAR SERVICIOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vínculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

SOLICITO

Posto	Centro
-------	--------

División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos directivos vacantes no Hospital de Verín.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal esta-

tuario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.